

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE CULLEREDO**

ANUNCIO da aprobación inicial dun estudo de detalle para a ordenación dos volumes de dúas parcelas situadas no lugar de Nabeiras da parroquia de Sésamo.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 22 de xaneiro de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente o estudo de detalle para a ordenación dos volumes de dúas parcelas, situadas no lugar de Nabeiras da parroquia de Sésamo, que promoven José Andrés Pérez Vidal, Berta Fernández Méndez, Juan Carlos Fernández Méndez e Susana Fernández Rodríguez, que asinou o arquitecto Antonio Pernas Varela o 29 de agosto de 2023.

Segundo. Someter o documento aprobado inicialmente ao trámite de información pública por un prazo dun mes, coa publicación de anuncios para tal fin no *Diario Oficial de Galicia*, nun dos xornais de maior difusión na provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e no portal de transparencia municipal, coa publicación tamén na sede electrónica do estudo de detalle aprobado inicialmente que se somete a información pública.

Durante o prazo que se cita, que conta desde o día seguinte ao da última publicación que se realice, poderase examinar o documento na Área de Urbanismo (na casa do concello, situada na rúa do Concello, número 12, Culleredo), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, e formular as alegacións que se consideren pertinentes.

Terceiro. Notificar o acordo de forma individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Cuarto. Advertir que o acordo de aprobación inicial determina a suspensión do outorgamento de aprobacións, autorizacións e licenzas urbanísticas, na área de modificación do réxime urbanístico vixente. A duración da suspensión comprende o prazo máximo de dous anos, e extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.



Durante este prazo poderase examinar o documento na Área de Urbanismo (na casa do concello, situada na rúa do Concello, número 12, Culleredo), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas.

Culleredo, 12 de marzo de 2024

O alcalde

P.D. (Resolución do 4.7.2023, BOP núm. 131, do 11 de xullo)

Marta María Iglesias Becerra

Concelleira delegada da Área de Urbanismo

